

AMOR 1.1.

Se un día
o anxo do amor
chamase
á miña porta
baixaría as persianas
e faríame un nobelo
no centro do salón
núa,
agardándoo
no máis escuro,
no máis xeadó,
para que el
me atopase
alí,
redonda,
aterecida,
indefensa,
para que el
me incubase
no niño
do seu
amor.

AMOR 1.2 (vinte anos despois)

Se un día
o anxo do amor
volvease chamar
á miña porta
invitaríao a
pasar ao salón
poñeríalle unhas olivas
e unha cervexa
e cando estivese ben
cómodo (os pequenos
pés enriba do asento)
e comezase a laretar
do ben que se
vive na terra
botaríame sobre
el (voo de plumas,
un par de rizos
louros desfeitos
sobre o sofá),
meteríao no forno
ata douralo
e logo comería
ata a última pluma
ata o último
branquísimo
dente.

RAPACES

A ten os ollos riscados e as orellas grandes.
Gústalle os documentais sobre natureza.
Di que este ano quere viaxar, pero non a Taiwan,
(alguén lle contou que alí explotan os nenos).
De maior quere ser biólogo mariño.
Vivirá en Vigo, terá moza, gañará o premio Nobel,
deixará que lle enchamos a neveira as fins de semana.

B está moi delgado, ten os dentes saíntes
(di que a ortodoncia non lle presta coa roupa que leva).
Cando era máis pequeno quería ser rico e famoso,
agora conformaríase cunhas zapatillas de cento oitenta euros
para presumir diante dos amigos. Como non hai cartos
presume da súa tolemia. Son perigoso. Os meus pais méícanme.
Calquera día vou matalos a todos.

POLÍGLOTA

Quizais noutro
idioma
puidese
ser
feliz.

VIDA INTERIOR

Fóra
sempre
chove.

QUE DOADO AMAR AO CAN

As persoas
non moven o rabo
ao vérente chegar.

ANGUSTIA

Todo o metal
que me cabe
na boca.

A MULLER FRÍA

Dentro,
sempre,
devastadores
incendios.

ATA OS ÓSOS

Cando era máis nova
cría no poder curativo
do amor. Agora sei que o
seu efecto é como o ácido
que destrúe ao seu paso
a carne sobre os ósos.

O teu amor non deixou
ningún tecido vivo detrás.

PRINCIPIO DA FIN

Aquel día el levantouse romántico
e quixo deixarme algo
especial.

Pintou os beizos co meu
carmín
e deixou nun papel
a silueta
dun bico.

Cando vin a nota,
imaxineino en calzóns,
cos dentes sucios
e o meu carmín
fucsia
nos beizos.

NA NOITE

Cansada de vixiar a máscara, a muller
senta ao final do día fronte do espello.
Unha a unha vai quitando as engurras,
as liñas amargas que cercan a boca,
eleva as pálpebras, limpa cun pano
húmido as canas, levanta os peitos,
sacude do corpo os quilos de máis.

Logo deitase na cama, a chorar.
Pregúntase por que non vai arrolala
a súa nai. É tan nova, está tan espida
e ten tanto, tanto frío.

HIPÓCRITA²

Sabes?
Deus non existe.

Non todos miramos o sol do mesmo xeito.
Hai xente incapaz de apreciar a beleza
non comestible dun Hopper, dun Freud,
mulleres-vaxina que gañan a vida
recollendo a frustración, o odio,
a soidade dos homes-carallo,
doces avós do occidente
que viaxan ao oriente a
corromper os netos alleos,
e a guerra cotiza na bolsa
e hai enfermidades terribles
e tanta, tanta dor,
e os malos gañan sempre, ou case
sempre,
e os heroes son sempre, ou case
sempre, de papel.

Deus non existe, non.

Porque eu,
que sei todo isto,
que che conto todo isto,
que me arrepío axeitadamente
cando vexo meniños
famentos,
mutilados,
rapaces cun fusil nas mans,
o terror dos vellos, dos mozos
que non queren morrer,
a dor dos pais
que non verán medrar
os seus fillos,
que sei o que é o mundo,
que odio o que é o mundo,
só morrería por estar entre as súas pernas.
E eu,
que gardo o amor,
o verdadeiro dó
para min mesma,
non caio fulminada
por un
lóstrego divino
que poña as cousas
no seu sitio
dunha

puta
vez.

(Poemas d'*A mala vida*)